

O Alcalde de Vigo

Rafael Louzán Abal
Presidente da Deputación de Pontevedra
Pazo Deputación Provincial
Avda. Montero Ríos, s/n
36071 Pontevedra

Vigo, 1 de abril de 2009

Estimado Presidente,

Logo de que transcorrese un tempo, máis que prudencial, esperando unha resposta pola túa parte con respecto ás demandas da nosa cidade e ás solicitudes de reunión, considero o teu silencio un agravio á institución que represento e á cidadanía de Vigo.

Resulta intolerable que a primeira cidade de Galicia, motor económico e industrial da nosa comunidade, non estea a percibir a parte que lle corresponde en concepto de investimentos da Deputación, o que implica que a institución que presides non está a cumprir as obrigas que lle asigna a lexislación básica estatal.

Por estas razóns, convidote a que propoñas publicamente unha data, lugar e hora para que manteñamos un encontro, que aceptarei encantado, xa que os intereses da cidade e os deberes das insituacións que presidimos están por riba de calquera interese político.

Atentamente,

A handwritten signature in black ink, reading 'Abel Caballero', written over a horizontal line.

Abel Caballero
Alcalde de Vigo